



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PERÍODO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 23 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

O día 3 de xullo de 2023 publicouse a Orde do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2023/24.

Conforme ao artigo 13 desta orde, o día 11 de outubro de 2023 reuniuse a Comisión de Valoración para elaborar as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas da residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 da mencionada orde, procede a dar traslado da proposta de adxudicación definitiva de persoas admitidas de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, non habendo, neste caso, relación de excluídos.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 3, do artigo 13 da Orde do 23 de xuño de 2023, facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa (período extraordinario) da residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol. Esta relación figura como anexo I desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

De acordo co artigo 7 da Orde do 23 de xuño de 2023, as persoas beneficiarias destas prazas de residencia están suxeitas aos prezos públicos que serán satisfeitos na forma e nos prazos previstos na normativa aplicable.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Anexo I

Relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa. Período extraordinario. Curso 2023/2024

	Apelidos	Nome	DNI
1	MARTÍNEZ VIDAL	ÁNGEL	***8201**
2	MILLOS RODRÍGUEZ	SONIA	***9444**
3	POUSA RÍOS	SERGIO	***1195**
4	RIVEIRO SANTAMARÍA	IVÁN	***8786**
5	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	ANTONIO	***8512**
6	TENORIO NOGUEIRA	NICOLÁS	***6128**

